

José M^a. Alonso Mejjide

Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización

Facultade de Ciencias. Universidade de Santiago de Compostela

Tel.: 982824057. Correo electrónico: josemaria.alonso@usc.es

Estimadas/os compañeiras/os:

Como director, para o curso actual 2024-25, do Grupo de Traballo de Matemáticas II, aproveito esta ocasión para saudarvos e dicirvos que estou á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facer.

Cara as probas PAU 2025, como ben sabedes, hai varios cambios en relación aos cursos pasados. Nesta páxina *web* da CiUG, ademais do modelo de exame, tedes información adicional en dous documentos:

- Orientacións xerais.
- Criterios xerais de avaliación.

No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán. Este documento non cambia en relación ao curso anterior.

No documento “Criterios xerais de avaliación” aparecen as puntuacións das catro preguntas do exame. O exame constará dunha primeira pregunta cun exercicio do bloque de Estatística e Probabilidade, obrigatorio e de carácter máis competencial, e tres preguntas, cada unha delas con dous exercicios, de Números e Álgebra, Análise e Xeometría, todos coa mesma puntuación máxima, para elixir un de cada unha destas tres preguntas. Sería conveniente que comentedes co alumnado os criterios xerais de avaliación da proba e tamén informalos de que nas preguntas 2 (Números e Álgebra), 3 (Análise) e 4 (Xeometría) deben elixir un único exercicio. De resolver os dous exercicios da mesma pregunta, só se avaliará o primeiro que se responda.

Os exercicios das preguntas 2, 3 e 4 serán similares aos de cursos anteriores. O exercicio da primeira pregunta terá un carácter máis competencial. Nas vindeiras semanas colgaremos nesta páxina *web* un documento que conterá diversos exercicios de carácter máis competencial do bloque de Estatística e Probabilidade. Esperamos que poidan resultar de utilidade para o profesorado e para o alumnado.

De novo, reitero, non dubidedes en contactar comigo ou con algún membro do grupo de traballo para calquera aclaración.

Recíbide un saúdo moi cordial.

Lugo, setembro de 2024.